

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colegiado:</b>
PLN/2022/5	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	7 de abril de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 21:20 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI




Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1. Expediente 261/2022. Cuestión de confianza vinculada ao orzamento.

**Desfavorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 261/2022 sendo a proposta de cuestión de confianza vinculada ao orzamento. Expón que este Pleno ven producido polo rexeitamento no mes de marzo do proxecto de orzamentos do Goberno. A lei permite plantexar esta cuestión de confianza vinculada aos orzamentos, se esta cuestión de confianza prospera os orzamente quedarían automaticamente aprobados, en caso de no ser así aqueles Concelleiros que non apoiaran terían un mes para asinar unha moción de censura, se non sucedera quedarían os orzamentos aprobados.

De xeito breve comentar que existe unha necesidade duns orzamentos actualizados e en base ás necesidades de 2022. O goberno está funcionando cos orzamentos prorrogados de 2020 e seguir así derivaría en problemas na prestacións de certos servizos. Fai referencia a certas cuestións da partida de persoal e aos ingresos extra derivados dunha maior participación dos ingresos do Estado e do IBI produto da regulación catastral. En grandes liñas permítenos afondar máis en políticas sociais e afondar nas iniciativas de promoción económica que xa vimos practicando nos últimos anos. O Sr. Alcalde fai referencia a algunhas actuacións de promoción económica así como outras con recursos propios. Recordar que o grupo de Goberno tivo vontade de chegar a acordos para elaborar estes orzamentos, tivemos unha primeira reunión con todos os grupos nos que se solicitaron achegas e despois de forma particular e chegar a algún tipo de consenso. Non foi posible e por iso estamos aquí e por iso nos vemos obrigados a plantexar unha cuestión de confianza.



Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos e indica que para o PP da necesidade de que Outes conte con orzamentos anuais feitos en tempo e forma para poder xestionar a economía en tempo real coñecémola perfectamente, recordámosllo en numerosas ocasións, o que pasa que o goberno só se lembrou desa necesidade o 17 de xuño de 2020 e o día de hoxe, do resto non se lembraron.

Coa convocatoria deste Pleno o Goberno pídennos aprobar o orzamento vinculado a cuestión de confianza del e do seu goberno, este procedemento está contemplado na LOREX e pódese usar por aqueles que lles sobra prepotencia e lles falta poder de negociación. Vostede acóllese a este procedemento sen esgotar antes o diálogo coa oposición e faino e despois de pedirnos que lles fixésemos propostas, fixémoslas, e non só non as aceptou senón que foi vostede quen de negar a súa existencia no pasado Pleno. Así as cousas en canto a súa petición de confianza o noso grupo non vai depositar esa confianza da que non son merecedores. Temos motivos máis que suficientes para facelo, non podemos confiar nun goberno que leva tres anos desatendendo moitas asuntos municipais en cuestións estruturais precisamente un deles é a presentación dun orzamento en tempo e forma. Pero tamén están tendo unha tardanza escandalosa no pago aos provedores, tardanza no pago aos traballadores, tardanza en pagar as subvencións que se conceden, falta de atención ás advertencias que se lle fan nos informes de intervención, desatención as necesidades diarias dos veciños, non podemos dar a nosa confianza a un goberno que deixou pasar o prazo de ampliación do contrato que presta o servizo de axuda no fogar e que ata onde podemos saber é que levan tres meses traballando sen contrato, a súa resposta a este problema foi máis de un mes despois a avogación en si e decretar a prórroga de contrato e aínda así cun informe de Secretaría no que esa prórroga decretada sinalase como nula de pleno dereito e inclúeo na orde do día do seguinte Pleno para a ratificación por este. Finalmente retirou a orde do día. Este tema tratado de xeito irresponsable non é un tema de causa menor.

Non podemos apoiar a un Goberno que gobernando en minoría e que non ten garantida a resolución de asuntos que requiren de aprobación plenaria son capaces de poñer en perigo investimentos que lles corresponden da Deputación e que se materializan a través do POS. Vostedes convocatoria tras convocatoria trouxeron propostas sen consensuar sen ninguén e fixérono horas antes de que rematase o prazo para a presentación na Deputación sen marxe de manobra para actuar no caso de que a proposta non se aprobara, situación posible e que recaería nos veciños de Outes. Non podemos confiar nun goberno que non foi



quen de traer a Outes ningún investimento importante nin da Deputación nin da Xunta de Galicia, salvo aqueles que lle poñen enriba da mesa. A Sra. Molinos fai unha breve exposición dalgúns exemplos.

Continúa a Sra. Molinos indicando que non podemos dar a nosa confianza a un goberno que foi quen de perder varias subvencións que estaban concedidas e perdeunas por non xustificalas en tempo e forma perdendo case 25.000€ no POS social, sobre 30.000€ para o Estaleiro e a relativa ao vehículo da policía local. Un goberno que se precipita no trato de asuntos que requiren mais rigor, como por exemplo a dotación de chan industrial do PXOM e por iso nós nos abstivemos porque o noso grupo considera que é necesario pero que as xestións teñen que verse amparadas co máximo rigor. Non podemos outorgar a confianza a un goberno que non leva adiante os acordos plenarios e que incumpre sistematicamente os compromisos adquiridos. Un goberno que non fai caso de ningún dos rogos que se fan pleno tras pleno, un goberno que realiza numerosos gastos en certos proxectos que non reportan retornos claros aproveitados polos veciños de Outes, un goberno que estanos mostrando unha preocupante tendencia á externalización de servizos municipais co gasto que supón. Todo isto é unha mostra dos motivos no que non podemos confiar no seu goberno e que non asume que goberna en minoría e que precisa de negociación para chegar a certos acordos.

No seu discurso de investidura mostrou a súa satisfacción porque en Outes fora a haber un goberno con maioría progresista e que tendía á man a tódolos grupos, particularmente ao BNG e ao Partido Socialista, descoñecemos se tres anos máis tarde segue a dicir o mesmo. O noso grupo xa sabía que cando dicía progresistas non se refería a nós aínda que a realidade é que podemos encaixar en el. De todos xeitos seguimos estando aquí para o diálogo, pero non no diálogo unilateral e de posturo que vostedes pretenden impoñer senón un diálogo construtivo, eficaz e beneficioso para os intereses dos veciños de Outes.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que comeza a súa intervención facendo referencia as verbas do Sr. Alcalde na súa intervención e de que Outes precisa uns orzamentos adaptados aos gastos de 2022 e iso é certo, e vostede presenta unha cuestión de confianza vinculada a estes orzamentos. Partindo da base que os únicos orzamentos que ten aprobados son os do ano 2020 e que foron aprobados polo BNG aos que vostede califica como os do non e pouco ou nado nos ten en consideración. Cando o BNG aprobamos eses orzamentos en 2020 xa estabamos dándolle un voto de confianza, non sei como entendeu vostede, a un goberno para gobernar e non o fixo, un voto de confianza para que



atendera as necesidades e urxencia e eses orzamentos servíronlle para 2020, 2021 e un semestre de 2022. chegados a este punto presenta unha cuestión de confianza vinculada aos orzamentos para seis meses, isto o di todo da súa capacidade para negociar, de escoitar e atender e recoller e tomar en consideración as achegas do BNG. Fixemos achegas por moito que vostede o negue. Fala que tiñan unha vontade de negociar pero esta no foi real e nós cremos que seguíamos en negociacións cando na orde do día incluíu os orzamentos.

O BNG fíxolle chegas as máis de 40 mocións presentadas e os máis de centos de rogos para os outenses e a Sra. Suárez para a citar e enumerar algunhas delas, entre elas a moción de mobilidade, a moción da bolsa de vivenda, melloras nas axudas de transporte dos nosos estudantes, ampliación das axudas do tecido empresarial non limitando só a emprendedores, as axudas as entidades deportivas non eran nin xustas nin equitativas, vostede decidiu adicar a partida de turismo tan castigada na obra da praza do Concello. Fan falta políticas que defenda e recuperan e poñan en valor o noso patrimonio, aldeas, rúas que sexan coidadas e no seu desenvolvemento. A Sra. Suárez fai unha elevada enumeración das diferentes deficiencias.

Non facer absolutamente nada ou malgastar os cartos dos Outenses nunha asesoría xurídica para defender as nosas aldeas, nosa xente, patrimonio, riqueza, os intereses económicos ante a chegada dos parques eólicos poñendo en risco os nosos mananciais e acuíferos, mentir e negar á veciñanza de Outes porque a vostede lle preocupa máis o que vai a ingresar que a calidade de vida iso xa o di todo. Non facer nada por protexer o ben arquitectónico do noso concello, Ponte Nafonso, que custo de levou a FITUR pera despois non molestarse en evitar a súa degradación xa o di todo como Alcalde. Adicar só 70.000€ a saneamento cando acaba de facer fincapé no importante que é e incluso sen atender núcleos tan poboados como San Cosme ou Bendimón e vostedes dan licenzas aos novos hostaleiros pero non se preocupa do saneamento. Carece dun plan de urbanismo para a serra e permite a instalación dun tanatorio depreciando as parcelas colindantes e sen ter en conta a problemática de tráfico que vai ocasionar. Tres anos despois agardando pola escola infantil e terlle que requirir o reforzo do PAI xa o di todo de vostede como Alcalde. Sr. Alcalde o cargo supón poñerse ao servizo de Outes pero para vostede leva claramente demostrando nos últimos anos que é a inversa. Vostede veu a Outes para poñer a Outes ao seu servizo. Apostou polas políticas equivocadas. Fai referencia a Sra. Suárez a algunhas das políticas realizadas.



Hai dous xeitos de facer políticas con grandes partidas económicas ou con traballo e adicación, atendendo necesidades, mellorando as condicións, coidando as aldeas, infraestruturas e viais pero isto parece que non lle importe e non está disposto. Con esta política errática preséntanos hoxe esta cuestión de confianza sobre os orzamentos cando non nos necesitaba nos anteditos anos, pretende que os ratifiquemos e xa lle dicimos que non. Outes non merece un alcalde como vostede, dicimos non sendo conscientes de que eses orzamentos non sairán aprobados pero sabendo que non poñemos en risco as actuacións que neles aparecen, xa que, a maior parte están aprobadas nos POS e as nóminas pódenas solventar vostedes cunha partida extraxudicial. Presentar unha cuestión de confianza é unha ferramenta legal pero é a última da que debería tirar un goberno, supón un fracaso como goberno como xestor e como alcalde.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que non lle vai falar de orzamentos senón de confianza. Di vostede que falou cos distintos membros da oposición e que mantivo conversas, é certo comigo tivo unha conversa. Pero a primeira vez que vostede veu a falar comigo díxome “que queres por apoiar os orzamentos”, a miña resposta “o único que lle pido e que governe ben pensando nos veciños e veciñas de Outes” e iso é confianza. Confianza é esperanza firme que se ten de alguén ou de algo, sentimento de seguridade e tranquilidade do que confía en alguén. Calquera destas dúas acepcións foi a que vostede pensou con respecto aos grupos da oposición porque vostede ten confianza de que se vai saír coa súa e eu penso que o que vostede ten nestes intreos é un exceso de confianza. Entrando en materia pídemelo a súa confianza e xa lle digo que xa a tivo pero foina perdendo, creo que a ninguén se lle escapa que estamos ante un mandato distinto aos anteriores, xa que, nunca existira unha maioría galeguista e progresista e en segundo lugar tamén por primeira vez en Outes o grupo que respalda o goberno non ten a maioría absoluta. No meu grupo somos moi conscientes deste feito e por iso sabemos que este mandato terá que ser o do diálogo e o de acordo, verbas do seu discurso de investidura. Pero o seu diálogo e acordos foron perdéndose polo camiño. Tivemos acordos por medio de mocións aprobadas por consenso e moitas veces por maioría absoluta o que faltou foi que se levasen adiante nos termos acordados, como a dos desfibriladores que os mercaron pero non se fixeron os cursos para os traballadores en caso de que teñan que ser usados, outro exemplo moción dos deportistas que foron moi áxiles en canto a recoñecemento pero aínda agardamos a reunión na que debater as contías das axudas, moción para emprendemento en Outes cunha contía de ata 70.000€ para novos emprendedores debería caerlle a cara de vergoña nin se queira tivera



a ben apoiar esa moción, e sigue con algún exemplo.

O último que mirei foi cando fixen por última vez o rogo do cruce de Entíns que foi o 31 outubro de 2019 e repetido en máis de 10 ocasións en 10 plenos distintos. Como comprenderá a confianza do Partido Socialista sufriu un desgaste importante nestes tres anos e como dixeran ao principio foi pouco a pouco. Lémbrolle que foi o único responsable de gobernar en solitario. Sr. González só lle pido diálogo e traballar con todos, non só cos do seu grupo, polo ben do Concello de Outes e pola súa xente.

Toma a palabra o Sr. González que indica que sen ánimo de alongar o pleno fará referencia a algunhas cuestións citadas. Comezando polo PP que indican que fixeron propostas e que estas foron fai máis de un ano e que para estes non os fixeron, con respecto aos investimentos que non tivemos pero esquecese de que conseguimos máis subvencións que vostedes nos seus gobernos e a diferenza de vostedes de xeito competitiva, pon diferentes exemplos de subvención concedidas ao Concello de Outes. Díciulle que doutras administracións se conseguiron fondos, a EDAR, acabamos de asinar dous convenios para equipar e mellorar o Clube de piragüismo e proxectos europeos. Repiten que temos que ter mas rigor co chan industrial e se vostede tiveran no seu momento ese rigor nós non teriamos que ter tido este esforzo para solventalo, tendemos a man para desatascar esta cuestión tan importante para o Concello de Outes.

Con respecto as verbas do BNG se entenden que estábamos en negociacións e vostedes a entenden que non están rematadas non entendo, vostedes non fixeron achegas só fixeron reproches. As axudas foron aprobadas no POS para o ámbito social e os nosos servizos sociais acreditan que outras administracións non as cobren. Por outra banda, nunca no Concello nunca se deu tanto apoio ao tecido produtivo tan próximo pola nosa Axencia de Desenvolvemento Local, nunca tivo o Concello un servizo como o que tivo actualmente. Con referencia ao saneamento estamos investindo na reparación da EDAR, estamos pendente da licitación de Quintela Ousesende e estes van para cuestións de mantemento. A maior parte veñen doutras administracións. Fala do PAI que imos atraso pero vostedes cando trouxemos ese proxecto a pleno votaron en contra e despois houbo que metelas no POS e todos sabemos o que implica iso, mais tempo para tramitalo e problemas para tramitalos. Con respecto a que a cuestión de confianza é un fracaso e iso xa o veremos.

Con respecto ás verbas do Sr. Caamaño indícanos que nos deu toda a confianza e voulle facer un matiz, para darnos toda a confianza que si o que lle fala é



Alcalde é porque fomos a forza política máis votada, non temos maioría absoluta pero fomos a forza política máis votada e dígollo porque nesa sesión de investidura déronnos o apoio e se non chegamos a ser a primeira forza non teríamos ese apoio. Apunta vostede que non sabe nada das axudas aos deportistas, verá vostede que hai unha partida no orzamento adicada a este fin, haberá que falar das bases. Propuxo axudas aos emprendedores e omite o dato de que se destinen remanente de 300.000€ e todos os grupos estiveron de acordo en falar primeiro das bases.

Nos viñemos ao goberno coa intención de traballar en políticas que ata o momento non se estaban traballando para traer xente nova e familias novas, crear emprego e cremos que estamos a levar a cabo iniciativas como a primeira feira náutica e desenvolver axudas nun momento complicado cunha pandemia mundial. Viñemos para mellorar as cousas. Señores do BNG sabemos que hai moitas cousas por facer e somos conscientes de que non imos ser capaces de arranxar tódalas cousas, somos moi conscientes das problemáticas e vimos para arranxar as cousas. Están mais preocupados en poñer trabas que en poñer achegar e por iso estes orzamentos chegan a este punto e agardamos telos dunha maneira que ao mellor non é a que nos gustaría.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que comeza a súa intervención indicando que terá uns orzamentos para o que queda do ano 2022. En canto ás propostas si son do 2021 pero era para que as incluían no ano 2021 coa sorpresa de que o mes de decembro do ano 2020 vostedes non fixeron o orzamento do 2021. Pasou o ano 2021 e vostedes tampouco fixeron ningún orzamento para que o concello de Outes a economía puidera estar respaldada por este documento que agora cren vostedes é importante. E claro que é importante como lle recordamos nestes últimos anos en infinidade de ocasión e tamén e cerco que consideramos que estas propostas que non foron incluídas en ningún orzamento e que non foron consideradas por vostedes de ningunha forma e que seguían vixentes para estes orzamento, tal e como lle recordei nunha das dúas xuntanzas que tivemos ao efecto. Nestas xuntanzas atopeime coa sorpresa de que vostede non só non as consideraba senón que nin se lembraba delas. En canto ao Chan industrial nós abstivémonos porque consideramos que debido á celeridade trouxeron unha proposta que para nós tiña moitas dúbidas e expuxémosllas unha por unha no Pleno. Unha vez consideradas esas cuestións e dándolle unha solución nós podemos estudar de novo o temo, abstivémonos non votamos en contra. Di que non podemos falar de rigor cando na aprobación do PXOM anulouse o espazo destinado a chan industrial e gustaríame recordarlle que nas comisións daquel momento vostede estaba nelas, eso si non estaba





como Compromiso Outes nin tampouco como Compromiso Galiza senón como o BNG, vostede tivo unha certa evolución en canto a siglas ao longo deste tempo.

Toma a palabra a voceira do BNG a Sra. Suárez que indica que empezan que en primeiro lugar rogámoslle que deixe de mentir porque minte cada vez que fala. Minte polas referencias que facía, que non fixemos achegas, claro que fixemos achegas e nas reunións que tivemos para as negociacións estivemos traballando nesas achegas. Recrimínanos vostede que os 12.500€ para a adquisición de material xa estaba aprobado no POS, entón como é que nas negociacións tomou nota vostede para retirar dita partida. Nós non sabemos a estas alturas o tempo que lle adica ou o que ten na cabeza polo tempo que lle pagamos como alcalde do Concello de Outes por traballar, por Outes non iso non nos cabe dúbida. Ten un barullo mental que non sabe o que fai esa é a realidade. Fala de que son un goberno progresista, que entende por progresismo? É adxudicar a dedo partidas dependendo de como implica ou non, se unha entidade ou empresario é máis afín ou non? Iso non é progresismo.

En canto aos empresarios se refire, di vostede que o tecido empresarial nunca foi tan apoiado ata a chegada deste goberno. Eu non sei con que empresarios fala vostede, debe ser cos afíns porque dende logo cos que nós falamos o que nos trasladan é algo moi distinto e o que lle trasladamos nós prepotencia e soberbia, o mesmo que no PAI. Cree que é vostede apoiar ao tecido empresarial poñer en marcha u parque empresarial que xa de entrada nace con problemática, cree vostede que é apoiar ao tecido empresarial ter que adquirir o dobre de terreos para ter un mesmo terreo edificable, cree que é apio encarecer as parcelas?

Fai referencia á pandemia que tiveron unha situación moi dura, e quen lle nega iso. Hai que recordarlle que foi cando lle aprobamos os orzamentos? Temos que recordarlle que tódolos grupos deste Pleno nos puxemos á súa disposición achegando solucións a unha situación complicada? Non vai ter un mínimo para e coñecer o traballo feito por esta Corporación para que o Goberno e para tódolos outenses?. Fai referencia ao mural, porque? Porque non quitamos unha foto na praza co mural de fondo? Acaso non fomos nós os primeiros cando vimos o mural que o felicitamos, o que non está ben é que sexa nunha propiedade privada e pagada polo Concello de Outes, unha prioridade non é. Puido vostede investir os 6.700€ en facer un mural en nalgún dos moitos edificios públicos do Concello.

Fala vostede de bloquear, no Pleno anterior este grupo, antes de que vostede nos anunciara que ía a convocar unha cuestión de confianza de cara a aprobación dos orzamentos convidámolo e pedímoslle que se sentara a negociar



de verdade. Pasou unha semana, na que vostedes tiveron a oportunidade de facelo e non o fixeron, non o fixeron porque tiñan a estratexia moi ben estudada dende o primeiro momento. A estratexia do victimismo, da xustificación de non facer nada durante tres anos e atopar como xustificalo. Iso é o xeito de facer política que ten vostede. Abandone estas políticas erráticas e nefastas polo ben do Concello que o representa e lle paga o soldo, un soldo que a día de hoxe non merece.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que o Sr. González di que nos tende a súa man para falar do Chan industrial, precisamente ese foi o punto de vista do Partido Socialista. Falemos antes de levar as cousas ao Pleno, xa llo dixen, agora téndenos a súa man eu sabe que sempre que estou aberto a canto máis falemos mellor. Non falta por parte do noso partido. Fala do apoio próximo ao tecido produtivo durante á COVID, supoño que gracias aos cartos que a Deputación puxo para axudar aos Concellos. Porque os cartos propios do Concello eran poucos. Di vostede que é Alcalde sen a confianza do BNG e do Partido Socialista e eu creo que é sinal da nosa confianza porque sen ela podería non ser Alcalde. Fíxese que di vostede porque foi a lista máis votada, creo que a se non fora a lista máis votada seguramente sería vostede Alcalde pero por chegar a acordos co Partido Socialista e o BNG. Fala vostede de que esquecín ou non quixen dicir o dos 300.000€, claro que o digo e repítollo que paréceme moi importante reservar cartos que había nos remanentes para apoiar aos empresarios e que cren empresas en Outes é importante. Di que son 300.000€ pero e que vostede gastou 400.000€ dos remanentes en arranxar pistas do monte, moi necesarios seguramente pero o que lle dixen no último Pleno, sentido común e prioridades. Cantas máis empresas haxa en Outes mellor lle iría ao noso Concello e se non chegan 300.000 e hai que poñer 500.000€ mellor, todo o que se poida polo noso Concello.

Viñemos para mellorar as cousas, iso non o dubido, porque se vostede se presenta a Alcalde para levar ao goberno ao tacho, Dios me libre. Finalizo dicindo: diálogo, diálogo, diálogo.

Toma a palabra o Sr. Alcalde indicando que da por rematado o debate e que ao final todos sabemos porque chegamos a esta situación e que escenario se abre agora e se os actos son consecuentes coas palabras e co ton que aquí se usou.

Toma a palabra a Secretaria do Concello para explicar o sistema de votación recollido na lexislación vixente para a cuestión de confianza e procede a abrir a votación nomeando por orde alfabética aos membros da Corporación e



plasmando o seu voto:

<b>APELIDOS, NOME</b>	<b>DNI</b>	<b>VOTO</b>
Caamaño Lestón, José Antonio	33265012C	NON
Castro Abelleira, Andrés	78797031C	NON
García Barreiro, Raquel	44842747S	SI
García Trillo, Albino	78799331C	NON
Gosende Cambeiro, Tomás	76518187Q	NON
Lago Prol, Juana	33253117Q	NON
Molinos Vidal, María Beatriz	33260032P	NON
Núñez Fernández, Anxo	45961024D	NON
Quintela Vilariño, Alba	45848184C	SI
Ramos Caamaño, José Manuel	79327861X	SI
Rodríguez Gándara, Daniel	44817796L	SI
Suárez Castro, María José	33290705E	NON
González López, Manuel (Alcalde)	78793193T	SI

*Dacae o acordo por non acadar a maioría necesaria de votos para a súa aprobación.*

### **ACORDO**

Aprobar o orzamento para o exercicio 2022 vinculado á aprobación da cuestión de confianza de conformidade co artigo 197 bis da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral.



*Remata a sesión ás 21:20 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

